

XXIII Premio Compositores Novos 2012 Fundación Autor-CNDM



SMASHENSEMBLE / Ignacio Evangelista

A Fundación Autor e o Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) convocan o

XXIII Premio Compositores Novos 2012 Fundación Autor-CNDM

Co obxectivo de estimular a creación no campo da música clásica contemporánea entre os compositores novos e co propósito de contribuír ao desenvolvemento social mediante o coñecemento de novas linguaxes, tendencias e modos de expresión musicais.

B A S E S

- 1 Poderán concorrer ao premio todos os compositores en calquera país do mundo con obras de calquera linguaxe ou tendencia estética dentro da música contemporánea **que na data de remate desta convocatoria non fixesen aínda os 35 anos de idade** e sexan socios da SGAE. Aqueles autores cuxas obras foron distinguidas co primeiro premio nas edicións convocadas a partir de 2009 deberán absterse de participar.
- 2 As obras deberán axustarse ao seguinte cadro instrumental: **1 violín - 1 viola - 1 violonchelo** (con obrigatoriedade de usar os tres instrumentos) / **1 frauta** (ou tamén frauta contralto / ou pícolo opcional, todas executadas polo mesmo instrumentista) / **1 clarinete en si bemol e/ou 1 clarinete baixo** (executado polo mesmo instrumentista) / **1 fagot / 1 piano** (executado por un só pianista). **Percusión (1 executante):** 1 marimba de até 5 oitavas, 1 vibráfono, gran caixa - caixa militar - 2 congas / 1 prato suspendido ou 1 par de pratos *splash* - 1 tam-tam- ou 1 gong / 2 crótalos de dedo, 2 ferriños, 1 campás tubulares (de até 36 elementos), maracas, claves, güiro, castañas, choca, pau de chuva e pandeireta ou outros de percusión menor non incluídos aquí (sen obrigatoriedade de usalos todos). Deberá evitarse a substitución dalgún dos instrumentos deste cadro. Tampouco se admitirá a repetición de ningún deles cando supoña a participación doutro executante. Sen embargo, o autor poderá prescindir da utilización dalgún(s) deles, se o considera innecesario para o seu obxectivo artístico. Se algunha obra incluíse un instrumento dentro do cadro que asuma funcións de **solista**, indicárase como corresponda na partitura enviada a concursar, pero este instrumento deberá formar parte do cadro instrumental indicado, para que sexa interpretado polo mesmo executante dos que integren o conxunto de músicos que participarán, é dicir, sen opción a que interveña un músico adicional. Ademais, admitírase a introdución de medios electrónicos habituais –controlados por un intérprete–, elixidos de entre os seguintes:

- CD
 - Ordenador Macintosh con 8 canles de entrada e 8 canles de saída
 - Aplicacións: MAX, PD e ProTools
 - Mesa de mesturas Yamaha 02R96
 - 16 micrófonos
 - 8 altosfalantes independentes situados no escenario e/ou arredor da audiencia
 - 2 altosfalantes subgraves
 - 2 monitores de retorno a escenario (altosfalante ou auricular)
 - Medios electrónicos que achegue o propio compositor.
- 3** As obras concursantes serán inéditas e nunca antes interpretadas en público nin premiadas noutro concurso.
- 4** A duración das obras non será inferior a **sete (7)** minutos nin superior a **doce (12)**.
- 5** En caso de que a obra presentada a concurso incorpore fragmentos musicais de titularidade distinta á do autor da devandita obra (agás que se realicen a modo de cita, nos termos do artigo 32 da LPI ou Lei de propiedade intelectual), eses fragmentos deberán acreditar os permisos correspondentes. En todos os casos, calquera responsabilidade será absolutamente dos autores.
- 6** Co fin de preservar o anonimato dos concursantes, as partituras serán presentadas baixo un lema, que deberá ser diferente do título da obra, e non indicarán o nome do autor en ningunha das súas páxinas. Deberán entregarse tres (3) copias da partitura xeral (ou de director) xunto cun sobre pechado identificado co mesmo lema, que incluíra os datos de contacto do autor, unha fotocopia do DNI (por ambos lados) ou pasaporte, unha fotocopia da Declaración de Obra na SGAE, como constancia do rexistro previo da obra concursante, e un breve *curriculum vitae* cun máximo de 30 liñas.
- 7** As obras, en formato de partitura, deberán ser remitidas **até o 28 de setembro de 2012** por correo certificado ou por servizo de mensaxaría, ou entregarse persoalmente na **Fundación Autor** (c/ Bárbara de Braganza, 7 - 28004 Madrid, España) ou en calquera das sedes e delegacións da SGAE en España e no estranxeiro (www.sgae.es). Concluído este prazo, só se admitirán aqueles envío cuxa data, no cuño, sexa anterior ou coincidente coa do remate da convocatoria.
- A relación de obras baixo lema que cumpren todos os requisitos e sexan aceptadas pola organización para concursar publicarase en www.fundacionautor.org e www.cndm.mcu.es.
- 8** De entre todas as partituras aceptadas, un xurado seleccionador integrado por destacados expertos en música **escollerá catro obras como finalistas**.
- Logo de que o xurado seleccione as obras finalistas e as acredite mediante acta asinada, a organización do premio procederá á apertura das plicas individuais cos datos persoais dos seus autores para dalos a coñecer ao xurado e aos medios de comunicación. Na primeira información oficial dos resultados indícarase o lema correspondente baixo o que cada obra foi presentada a concurso e mais o título oficial e o nome do autor correspondente. A partir de entón, as futuras informacións só farán referencia ao título das obras finalistas e aos nomes e apelidos dos seus autores.
- Na última etapa do concurso, un xurado final integrado por personalidades da música que non participaron no primeiro xurado decidirá os premios outorgados ao final dunha audición pública organizada para tal fin polas entidades convocantes. Para emitir a súa decisión, baseada fundamentalmente nos méritos propios de cada obra, este xurado escoitará as obras finalistas en dúas oportunidades: unha nun ensaio xeral organizado a porta pechada, e por segunda vez durante o concerto.
- A decisión de ambos os xurados será inapelable e soberana. De acordo cos obxectivos educativos, sociais e promocionais deste curso, o xurado final deberá evitar que ningún premio sexa declarado deserto.
- 9** Os premios serán os seguintes:
- Primeiro Premio “Xavier Montsalvatge”**
6.000 € e Diploma

Segundo Premio “Carmelo Alonso Bernalola”
3.000 € e Diploma

Terceiro Premio “Francisco Guerrero Marín”
1.500 € e Diploma

Mención Honorífica “Juan Crisóstomo Arriaga”
1.200 € e Diploma
- 10** Os compositores cuxas obras sexan finalistas comprometeranse a facilitar á organización con suficiente antelación a partitura do director e os materiais correspondentes a cada instrumento do cadro musical utilizado, debidamente numerados en coincidencia cada un. Tanto na partitura como nos materiais de cada instrumento deberá aparecer xa o título oficial da obra tal e como foi rexistrado na SGAE e o nome(s) e apelido(s) do compositor, segundo os canons habituais utilizados en todas as partituras, para o seu uso nos ensaios previos e na audición pública, onde se anunciarán as obras premiadas. Así mesmo, cada finalista deberá remitir un breve comentario escrito relativo á súa obra e unha actualización do seu *curriculum vitae* en formato de ficha biográfico-artística para incluílos no programa impreso da devandita audición pública final.
- 11** A etapa final do concurso consistirá nun concerto público no que as catro obras finalistas serán interpretadas por un conxunto profesional e terá lugar o **luns 3 de decembro de 2012 no Auditorio 400 do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía**, de Madrid, dentro da temporada de concertos do CNDM. Ao final do concerto e, tras unha breve pausa, o xurado dará a coñecer a súa decisión mediante acta.
- O soporte de posibilidades ofrecidas pola organización do premio sempre será en réxime de estrita igualdade para todos os concursantes con respecto á posta en escena e interpretación das obras, seguindo o concepto de disposición tradicional habitual nun auditorio coas características en que se

produce o concerto final. Calquera interpretación inusual dalgunha obra no mencionado concerto estará suxeita a que sexa realizable segundo o criterio das institucións que o acollen, que estudarán as suxestións ou opcións propostas polos compositores nas partituras.

A organización non se responsabilizará das viaxes nin do aloxamento dos compositores cuxas obras sexan finalistas e que desexen asistir ao concerto.

- 12** Para contribuír á posterior difusión das catro obras gañadoras, a Fundación Autor editará un disco promocional coa gravación da estrea realizada in situ e cun carácter testemuñal da súa interpretación. Os compositores autorizarán implicitamente a produción dese disco e a súa difusión ao longo dos doce meses posteriores á súa publicación.

Os autores garlardoados comprométense a que nas execucións públicas, nas gravacións ou en calquera outro acto de comunicación que se realice co seu consentimento en relación coas obras premiadas, se faga mención expresa do premio obtido no certame. Pola súa parte, as entidades convocantes quedan facultadas para difundir libremente nos medios de comunicación fragmentos das obras gañadoras (até unha duración máxima de tres minutos con carácter promocional).

- 13** Toda a documentación relativa ás obras enviadas que fosen seleccionadas como finalistas conservárase unicamente até trinta (30) días logo de que o xurado seleccionador emita a súa decisión, atendendo a posibles devolucións expresamente solicitadas.

- 14** Os compositores participantes eximen a Fundación Autor e a CNDM de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual en España na que puidesen incorrer outros concursantes coas súas obras.

- 15** Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os compositores que concursan deberán aceptar integramente as bases do premio e tamén as decisións do xurado. En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como os organizadores do premio deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital (España) e considerárase oficial o texto en castelán.

A presente convocatoria foi publicada en Madrid (España), o **1 de marzo de 2012**.

INFORMACIÓN

FUNDACIÓN AUTOR

smoralg@fundacionautor.org

www.fundacionautor.org

CNDM

jose.amer@inaem.mcu.es

www.cndm.mcu.es

Igualmente, poderán dirixirse ás delegacións xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro (www.sgae.es).

